

SINTE O SABOR DO MAR

O título desta campaña é, Sinte o sabor do mar con FreXouba.

Somos unha empresa galega que levamos traballando 15 anos xuntos, localizada en Rianxo formada por 5 socios na cal damos emprego a moitos galegos e galegas para que poidan ter un traballo, apostamos polas mulleres maiores de 50 anos, e xente con dis capacidade e persoas que están no paro. Dedicámonos a vender as nosas delicias, as xoubas, e poder satisfacer aqueles compradores. A nosa empresa dinamiza a actividade económica local a través da xeración do traballo dende os pesqueiros, transportistas, conserveiras ata os fabricantes dos envases.

Grazas aos traballadores desta empresa queremos amosarlle a todo o mundo ou á xente o noso produto de primeira calidade e animar a todos aqueles a ter unha mellor dieta saudable, esperando que o noso produto triunfe e sexa indispensable no día a día. Transmitirlle ao público de que será algo que está pensado para que dure moitos anos para unha saúde indispensable na nosa dieta, na nosa vida e unha acción pola clima os nosos envases utilizables, vida submariña, traballo decente e crecemento económico, fame cero, industria innovación e infraestrutura, redución das desigualdades e pesca responsable.

A boa saúde e benestar porque ten graxas saudables, vitaminas e minerais, é unha fonte de proteínas de alta calidade e manteñen forte o sistema inmunolóxico.

Acción polo clima grazas aos nosos envases reutilizables e biodegradables e reciclables non contaminamos o medio ambiente .

Vida submariña por calquera inconveniente os nosos envases chegan ao mar non danarían a vida dos peixes xa que ao manter contacto ca agua salgada desfanse, feito cun material menos contaminante.

Traballo decente e crecemento económico proporcionamos un traballo en boas condición laborais con un soldo axeitado e xeneroso e grazas aos postos de traballo que ofrecemos a economía galega crecería.

Fame cero grazas a non producir os envases que recollemos nos colectores que temos postos pola vila Rianxeira.

Industria , innovación e infraestrutura : Provemos industria en Rianxo innovación polos nosos envases e infraestruturas pola fábrica, e polos puntos colectores.

Redución das desigualdades poder servirla traballo a todos aqueles que lles costa máis, como mulleres maiores de 50 anos e os discapacitados.

A pesca responsable para concienciar a xente de que non recollan peixe do tamaño mínimo (11cm) e respectando a veda para a súa evolución.

Como xa dixemos o noso obxectivo desta campaña e buscar a fidelidade dos clientes xa que levamos pouco tempo e non temos unha gran experiencia, pero destacamos porque nos diferenciamos doutras empresas polas grandes ideas que temos como poden ser os nosos envases, que son nos que presentamos a xouba. Estes envases son obxectos biodegradables, reciclables e reutilizables que dispoñerá diferentes cores en cada envase. Facemos isto porque ao final de cada mes do ano haberá diversos premios dende quen teña toda a gama de cores dos nosos envases ata quenes teñan a cor premiada que dependerá de cada mes. Se a xente lévanos aos puntos de recollido destes serán recompensados por tres euros cada cinco envases e grazas a isto non temos que producir

tantos envases e os cartos que utilizaríamos na produción destes iría destinado a doar unha serie de cartos a comedores sociais.

Cos cartos recollidos pola reutilización dos envases nos nosos puntos de entrega vamos a darlle a un banco de alimentos.

[Mapa de colectores](#)

Este será o logo de identificación das nosas máquinas dos puntos colectores.



O logo da nosa empresa é o seguinte:



Como se pode observar neste logo queremos destacar a X no noso nome xa que na lingua inglesa Fresh pronunciase como a nosa X, entón como significa fresco queremos referirnos a que temos xoubas frescas de primeira calidade, como dixemos as nosas delicias mariñas. Na parte inferior aparece as iniciais de cada un dos socios (Claudia, Rodrigo, Germán, Mariña e Xabier). A cada lado está posto o ano no que comezamos ca nosa empresa. E por último o máis significativo é o debuxo que está no centro, a xouba o produto que comercializamos.

Algo importante que debes ter nunha empresa é a creación lingüística da publicidade é o slogan o noso é Delicias mariñas con sabor auténtico. Escollemos isto xa que o noso produto é algo delicioso, e mariñas porque o seu hábitat, é no mar e por último con sabor auténtico porque teñen un sabor especial que lle fan ser as mellores.

Esta campaña durará quince días, os catro primeiros días participaremos na festa da xouba que se celebra todos os anos, para ensinar lle o noso produto aos habitantes da vila de Rianxo e todos aqueles que asistan e que se animen a probala. O día cinco, cos cartos recaudados na festa da xouba entregáraselle a comedores sociais. No día seis e sete instalaremos novas máquinas dos puntos colectores. E faremos unha celebración por elas para un mellor ecosistema no día oito. No día nove, para chegar ata os máis pequenos estaremos distribuindo a nosa xouba por comedores escolares, e no resto dos días iremos por toda Barbanza para todos aqueles que non puideran probala.

A idea do noso anuncio e dende que se obtén do mar ata que chega as nosas casas, explicando o proceso de fabricación, como chega as tendas ata que os consumidores a compran.